



CICLO DE XORNADAS MEDIOAMBIENTAIS

Por que reciclar?

PRAZAS
LIMITADAS

Xoves 18 febreiro | 17.00 - 19.00 h

Sede Central da CEL | PRAZA STO. DOMINGO 6-8, 2º

O papel da reciclaxe na protección do medio ambiente é hoxe incuestionable. A transformación dos residuos en novos produtos de utilidade adquire todo o seu sentido no marco da economía circular, entendida como aquela na que os bens e servizos son pensados para que duren máis e teñan unha vida máis longa, diminuíndo deste xeito a produción de refugallos e propiciando o aforro económico.

A actividade de dous dos sistemas integrados de xestión máis relevantes a nivel nacional, así o acredita. Ecoembes e Ecovidrio desempeñan unha función clave na xestión sostible do lixo porque facilitan que materiais reciclables tales como os envases lixeiros (envases de plástico, latas e briks) e de cartón, así como os de vidro, sexan debidamente tratados e recuperados en forma de novas materias primas, aproveitando os recursos contidos nos mesmos.

Pero para que este labor se leve a cabo, é preciso contar coa participación do conxunto de cidadáns e empresas, facendo un consumo responsable e separando os envases por tipoloxías. Só así estes poderán ser debidamente reciclados e reincorporados ao circuito comercial cunha nova vida.



RELATORES

Juan Ramón Meléndez

Xefe de Relacións Institucionais de Ecoembes | www.ecoembes.com

Germán Fernández

Xerente de Ecovidrio en Galicia | www.ecovidrio.es

PRESENTA E MODERA

Jaime L. López Vázquez

Secretario Xeral da CEL

Javier Domínguez Lino

Presidente de Sogama

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Sede Central CEL

Pza. Santo Domingo, 6-8, 2ª Planta - 27.001 Lugo

Tel 982 23 11 50 | Fax 982 24 62 11

www.cel.es

